

Imos cazar un oso

Michael Rosen

Helen Oxenbury



kalandrak

Imos cazar un libro: algunhas claves e recomendacións para seleccionar obras en lingua galega

Montse Pena Presas

Universidade de Santiago de Compostela
montserrat.pena@usc.es, @penapresas

Xornada de Bibliotecas Escolares de
Galicia 2024

Algúns dos elos que van guiar a procura do noso particular "libr-oso"

A importancia que ten que nos construíamos como lectoras-mestras


O coñecemento de criterios de selección básicos

A reflexión sobre a necesidade de volver aos "clásicos" e os libros que "funcionan"

Algunhas recomendacións partindo da "tríada" de xéneros habituais

Algunhas reflexións previas I

- A infancia e a mocidade son espazos privilexiados para a lectura
- No 76,3% dos fogares onde hai persoas menores de 6 anos, léselles.
- O tramo de idade no que máis se le é entre os 10 e os 14 anos.
- Dous momentos críticos: o paso á Primaria e o paso á idade adulta.



Federación de Gremios de Editores de España, 2023

Algunhas reflexións previas II

- As franxas etarias nas que máis se le é onde o galego está perdendo máis falantes
- Escasa visibilidade dos libros en galego en todos os niveis.
- En que momento renunciámos aos clásicos (aos contemporáneos e o que habitualmente entendimos como tal)?
- Non temos espazos polos que guiarnos, aínda que queden lugares de resistencia:

A crítica está morta?
NECESIDADE DE SER
LECTORAS-MESTRAS
MÁIS CA NUNCA


Diario cultural da Radio Galega
-*Zigzag diario* da Televisión de Galicia
-Revista *Grial*, espazo dedicado á LIX
-Pequenas letras miúdas de Nós Diario
-"Elos de lectura" de *El Correo Gallego*
-Suplemento cultural "Faro da Cultura"
do Faro de Vigo

Algunhas reflexións previas III

- Dentro das linguas peninsulares, o galego é, das oficiais, na que menos se edita (tan só un 2,1% da edición total).
- Contamos tamén coas tiradas medias máis baixas das linguas autonómicas (1206, sendo o anterior o euskera con 1664)
- O 35% da produción en galego correspóndese coa literatura infantil e xuvenil, sendo a porcentaxe máis alta nas linguas peninsulares (non en número total de obras, dado que partimos dunhas cifras menores de produción absoluta)
- O sector da LIX é o que máis factura en galego, mesmo por riba do libro de texto (35,2% fronte a 33,8%).



Como seleccionamos as mellores obras para a nosa biblioteca?



★ CONTEXTO

★ VARIEDADE EDITORIAL E XENÉRICA


Colomer, 2015




A importancia dun canon propio como docentes

Canon: conxunto de obras consideradas fundamentais nun contexto determinado



Diferentes canons conviven a un tempo: o canon universal, o canon galego, o canon escolar, o canon de determinados subxéneros literarios...





*-Ler o mundo
(Kalandraka)
-El arte de la
lectura en tiempos
de crisis (Océano
Travesía)*

*Como aprendemos a
leer: historia y ciencia
de la lectura
(Ediciones B)*

*El ambiente de la
lectura (Fondo de
Cultura
Económica)*

Comezamos cazando para nós: a importancia da lectora-mestra

Liñas xerais que marcan a selección presentada

A competencia literaria como unha montaña gradual

Recorrecia a obras e/ou autores referenciais en todos os xéneros

Especial atención ao lectorado adolescente e ás primeiras lecturas autónomas

Insistencia na materialidade (inda que non sempre posible)



Variedade de estéticas



Introdución de novidades

Álbum presente en todos os xéneros

Unha caza "marcada": a literatura dramática

- Dificultade do seu emprego en EI, aínda que presenza de posibilidades
- Ausencia de coleccións específicas, a gás "A Pinguela".
- Importancia de nomes referenciais:
- Paula Carballeira, Raquel Castro, Carlos Labraña, Teresa González Costa
- Acompañamento dos textos con actividades que impulsen a literatura dramática








Acompañar na adolescencia, tamén dende o teatro

- Importancia do premio Roberto Vidal Bolaño para textos teatrais para público mozo
- Resulta fundamental non renunciar nin aos clásicos de noso nin aos clásicos universais en galego
- Dificultade, en non poucas ocasións, para localizar os textos teatrais infantís (pero ás veces tamén os de público adulto)

Primeiro teremos que aprender nós a cazar versos. A poesía, ese reto






- Formato álbum como elemento facilitador
- Materialidade que "anima" ao lectorado a decodificar
- Necesidade de romper co mito, tamén aquí (quizais máis aquí que en ningún outro lugar), de que o álbum só é para lectorado inicial.



Poesía na EP. Quen lle teme?




Imos cazar un poem(oso), un poema grande e perigoso?

Buscar na poesía a tradición oral, o xogo, o humor, as figuras literarias, a observación, o sentido do que somos deberían ser puntais básicos do traballo con este xénero



Quen dixo que a poesía non era para a mocidade?

- Especificade do xénero no que respecta aos libros xuvenís
- Autores que souberon conectar os versos coa modernidade
- Poetas consagradas a nivel estatal, que é necesario que o alumnado coñeza



A narrativa: diferentes "grupos" convivindo

A Xeración Lamote e as autoras implicadas coa renovación pedagóxica

- Fina Casalderrey, Paco Martín, Agustín Fernández Paz, Xabier Docampo) e as mestras e mestres que se implicaron na creación dunha LIX galega de calidade (Marilar Aleixandre, Miguel Vázquez Freire, Helena Villar, María Victoria Moreno)

O grupo nacido no final da Ditadura





- Xosé A. Neira Cruz, María Solar, Marcos Calveiro, Francisco Castro, Fran Alonso, Xavier Estévez

O grupo do 83

- Leticia Costas, Antonio M. Fraga, Rosa Aneiros, María Canosa, María Reimóndez, Érica Esmorís, Iria Misa, Eva Mejuto

As novas voces



- Andrea Maceiras, Antía Yáñez, Berta Dávila, Xavier Domínguez, Neé Barros






Imos cazar... un conto, un conto inmenso e horroroso

- A necesidade de acabar a Educación Primaria (ou os dous primeiros cursos da ESO) lendo ás autoras e autores que se poden considerar xa clásicos contemporáneos (a pesar de todo)
- Xeito de coñecer a propia tradición
- Necesidade de non esquecer como comezamos en EI a traballar a lectura


Algúns libros fundamentais dos últimos dez anos





A importancia da procura do camiño propio (é dicir, do subxénero preferido) para o lectorado xuvenil

Importancia de relacionar isto con outras manifestacións artísticas, que complementan, engaden ou expanden o universo narrativo que presentan as novelas





A non ficción como motor da innovación nos últimos anos

- Dificultade para atopar en galego propostas materiais que supoñan un reto importante
 - Papel pioneiro de Kalandraka
- Existencia dunha colección en Galaxia, "Lanterna de cores", pero que conta con tan só dous títulos ata o momento
 - Tentativas de Baía, especialmente a través das traducións.
 - Os libros teñen que deixar espazo para o lector curioso (Tabertero, 2022)

Sen esquecer que hai formatos que facilitan a inclusión de todo tipo de lectorado

- Posibilidades do álbum sen palabras e da non ficción para establecer lecturas "por enriba" e "por embaixo"
- Posibilidades da BD para achegarnos obras máis complexas



A revisión da selección: unha tarefa imprescindible

Calidade

- Realmente as obras teñen a calidade desexada?
- Contamos cun fondo importante-canónico alén das novidades editoriais?
- Optamos por elixilos porque son libros acaídos para traballar X tema e, polo tanto, resultan didácticos?

Competencia lectora

- Son axeitados para a competencia lectora agardada?
- Interesan a público de X idade?
- Achegan experiencias lectoras diversas?

Clásicos

- Hai obras clásicas que permiten ao lectorado conectar coa memoria colectiva?
- Contamos con obras clásicas en galego sempre que sexa posible?
- A selección permite ao alumnado coñecer obras significativas da nosa cultura para o seu nivel lector?

Variedade

- Hai diferentes xéneros?
- Hai variedade no texto e nas ilustracións?
- Adecúanse a diferentes niveis lectores?
- Temos na selección volumes inclusivos? (Lectura fácil, álbum sen palabras, con pictograma, etc.)

Colomer, 2015 e
elaboración propia

Tras os *montes*



Algunhas suxerencias finais

- Se queremos cazar un bo libro-oso, a única vía é seguir lendo, visitando librarías e outras bibliotecas. A lectura como forma de vida, porque o alumnado detecta perfectamente onde a hai.
- Importancia de que temos certo poder fronte ás editoras, de que debemos esixir calidade. Tamén dende o galego.
- Non deixarnos arrastrar polo maremágnun da novidade editorial e decidir que é imprescindible que estea na nosa BE.
- Coidar a variabilidade editorial, que é como a biodiversidade terrestre.
- Conciencia de que na diversidade de obras que levamos á aula está a diversidade de lectoras e lectores que se agochan no noso alumnado.
- De seleccionar nunca se remata.

Bibliografía citada (ou o que precisamos para cazar o noso libr-oso)

- Calvino, Ítalo (1992): *Por qué leer los clásicos*. Traducción de Aurora Bernárdez. Barcelona. Tusquets.
- Colomer, T. (2015). "La literatura infantil y juvenil". J. Mata, M.P. Núñez e J. Rienda (coords.). *Didáctica de la Lengua y la Literatura*. Madrid: Pirámide.
- Federación de Gremios de Editores de España (2021). *Comercio interior del libro en España*. Madrid: Federación de Gremios de Editores de España.
- Federación de Gremios de Editores de España (2023). *Barómetro de Hábitos de Lectura y Compra de Libros en España*. Disponible en: <https://www.federacioneditores.org/lectura-y-compra-de-libros-2022.pdf>
- Taberero, R. (2022). *Leer por curiosidad*. Barcelona: Graó.

